



MEMORIA ANUAL 2014

Misión, valores e principios da nosa asociación.

A Asociación Penitenciaria Concepción Arenal de Lugo é un colectivo que loita pola reinserción social de persoas que teñen cumprido penas de cadea ou atópanse cumprindo medias penais alternativas. Os seus fins sons os seguintes :

- Estudar a problemática penitenciaria.
- Promover actividades que teñan como fin o estudio da delincuencia e a reinserción de ex-internos/as
- Colaborar cos Organismos competentes no tratamento e a asistencia ós liberados/as condicionais e definitivos/as
- Organizar conferencias, xornadas de traballo, seminarios, etc., que teñan como tema a prevención do delito, os factores antisociais, a drogadicción, a rehabilitación e reinserción social de persoas en risco de exclusión social.
- Lograr a inserción social dos liberados/as e o seu entorno.

A Asociación non ten fins lucrativos nin está sometida a ningún réxime asociativo específico.

A Asociación Penitenciaria Concepción Arenal nace en 1989 desde a Comisión Provincial de Asistencia Social, formada por representantes do Ministerio de Xustiza, Xunta de Galicia, Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo, Colexio de Avogados, Colexio de Traballadores Sociais, INEM, Institucións Penitenciarias...

Dita comisión é dependente da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias, de acordo co artigo 75.2 da Lei Orgánica 1/1979 de 26 de Setembro, Xeral Penitenciaria, co obxecto de acadar a colaboración de xeito permanente para o estudo da problemática penitenciaria, e, en especial, para o tratamento dos excarcerados/as existentes nos Establecementos Penitenciarios da nosa provincia.

Cabe destacar que durante o ano 2011 desde o Ministerio do Interior concedéronos a Medalla de Prata ao Mérito Social e Penitenciario pola labor levada a cabo dese a asociación durante todos estes anos de adicación.



Actividades realizadas durante o ano

XXVIII Xornadas Penitenciarias Lucenses

“ Evolución da Lei Integral contra a Violencia de Xénero”

Lugo, 22 e 23 de Setembro 2014

Este ano foron as vixésimo oitavas xornadas, grazas ao apoio das diferentes institucións provinciais e da poboación de Lugo, profesionais do ámbito penitenciario e doutros ámbitos se puideron desenrolar cada ano desde o inicio das mesmas no ano 1986.

Conmemorando o décimo aniversario da entrada en vigor da Lei Integral contra a Violencia de Xénero quixemos facer unha homenaxe a tódalas as vítimas desta lacra social, concienciando á poboación de Lugo sobre o longo camiño que queda por percorrer xuntas/os para erradicar esta problemática.

As temáticas foron variado ano tras ano, e con elas os profesionais que acudiron tanto de poñentes como de participantes, e a media de persoas interesadas en asistir foi aumentando paulatinamente hasta chegar a unha media de 110 persoas.

Cabe destacar que a parte das poñencias dos profesionais (que despois publícanse na web) realízase tamén a entrega das Medallas Concepción Arenal, outorgadas ás persoalidades destacadas nese último ano en relación á temática penitenciaria.

Este ano foron subvencionadas polo Concello de Lugo e á Area de Benestar da Deputación Provincial de Lugo.

Proxecto de intervención social “Un paso máis”

No ano 2010, en convenio de colaboración coa “Obra Social La Caixa” empezamos con este programa, sen embargo desde o ano 1990 a asociación xa realizaba información xurídico penitenciaria a todas aquelas persoas que acudían para solicitar información relacionada coa súa problemática penal ou penitenciaria.

O proxecto foi subvencionado por unha entidade privada (Obra Social “la Caixa”) e xa se conta cunha cunha profesional do ámbito social, con formación



complementaria no ámbito da política criminal para dar resposta ás necesidades das persoas e familias que se ven envoltas nunha problemática xudicial. A financiación deste programa para os seguintes anos mermou considerablemente foi nula polo que a nosa profesional adicou menos tempo do seu traballo á atención das demandas deste programa pero sen esquecer as necesidades das/os nosas/os usuarias/os.

Os obxectivos están orientados por un lado cara as persoas que teñen unha problemática xudicial e as súas familias, dando información, asesoramento e orientación en relación aos recursos necesarios para cada caso específico. Se xestionan e tramitan subvencións e se realizan derivacións apropiadas para as súas situacións concretas, xa sexan laborais, educativos, psicosociais ou sanitarias.

Por outro lado, este proxecto ten obxectivos orientados cara os profesionais do ámbito xudicial e social, informando aos profesionais da avogacía e as autoridades xudiciais sobre as problemáticas persoais e sociais dos usuarios, para así conseguir unha intervención integral, e unha aplicación adecuada das penas.

Finalmente hai outros obxectivos dirixidos a concienciar á sociedade de estas situacións, para evitar a marxinação de este colectivo, xa que é un factor importante a considerar que o entorno no estigmatice á persoa e integrala na sociedade. Estes obxectivos materialízanse na búsqueda de recursos para a execución das penas de Traballos en Beneficio da Comunidade, na coordinación con outros servizos e entidades para unha mellor aceptación destes usuarios, dándolles prioridade pola súa difícil situación de exclusión social.

A execución deste programa foi ao longo deste ano, e o número de usuarios/as directos/as atendidos foi de 34, engadindo que tamén poden considerarse usuarios/as indirectos os familiares, as institucións contactadas e os servizos aos que lles proporcionamos información e que derivaron usuarios, que foron a maioría dos concellos da provincia de Lugo.

Redes Penitenciarias: xuntando esforzos

No ano 2012 xurde tras poñer en marcha un proxecto de voluntariado que pretende coordinar as asociación de Lugo que traballan no ámbito penitenciario e



conectalas a cidade facéndoas máis próximas os/as usuarios/as e a favorecendo a participación e o compromiso social.

As xornadas non foron unha actividade illada, formaron parte de un programa de voluntariado moi dialogado entre as entidades e o seu valor trascende a súa importancia como recurso formativo. Foi unha estratexia de coñecemento e coordinación entre entidades que favoreceu a creación paralela de iniciativas e sobre todo serviu de base para planificar e organizar o noso traballo nos vindeiros anos.

Foi organizada por 3 entidades de Lugo con un forte compromiso co ámbito penitenciario:

- Aliad- Ultreia
- Pastoral Penitenciaria. Obispado de Lugo
- Concepción Arenal

Estas entidades que traballan no mesmo ámbito deciden organizar uns encontros formativos, no do ano 2014 foron 25 participantes, co propósito de aprender unhas entidades de outras, formar a profesionais do ámbito social para que coñezan a realidade penitenciaria e, sobre todo, coa intención de promover a información, o interese e a participación social xa que entendemos esta como o eixo do movemento asociativo.

A través destas xuntanzas e do contacto continuado, estas tres entidades propoñen ao Obispado de Lugo a posta en marcha dun proxecto en beneficio das persoas que saen en liberdade e non teñen recursos. Neste proxecto, que aínda está nacente, trátase de que o Obispado fae unha cesión dunha casa parroquial a esta rede penitenciaria para a acollida destes usuarios/as que á saída do cumprimento da pena non teñen onde ir. As tres entidades, a través do voluntariado e os/as profesionais das que dispoñen farán un itinerario social personalizada a cada usuario/a para favorecer a súa inclusión social.

RIL LUGO: ReInserción Laboral Lugo

A integración laboral das persoas estigmatizadas pola problemática penitenciaria é unha realidade no noso contexto social actual. Tendo en conta que en Lugo atopamos dous centros penitenciarios máis a proximidade do centro penitenciario de Teixeira esta integración laboral do colectivo faise máis apremiante na provincia de Lugo.



ASOCIACION PENITENCIARIA
CONCEPCION ARENAL
LUGO

Tendo en conta a nosa traxectoria e obxectivos vimos a necesidade de implantar un programa relacionado coa inserción sociolaboral deste colectivo, facendo actividades de sensibilización a empresas (responsabilidade social corporativa) para a contratación deste colectivo. Doutra banda tamén se realiza un itinerario laboral persoalizado cos usuarios/as, adaptado ás capacidades de cada un/a deles/as.

En setembro do 2014 firmouse un convenio coa Deputación provincial de Lugo para a realización deste programa, andanza que continuará no 2015.



Equipo Profesional

Persoal voluntario:

- **Membros da Xunta directiva**

Contacto con institucións; coordinación das xornadas penitenciarias; programa de seguridade vial; contacto con empresas; promoción de proxectos e actividades.

Persoal contratado:

- **Auxiliar administrativa**

Tarefas administrativas de todos os programas; xustificación de gastos; xestión de ingresos e pagos.

- **Traballadora social e Criminóloga**

Servizo de atención social nos xulgados; Redes Penitenciarias, RIL Lugo, xestión e creación de proxectos; coordinación con institucións e entidades.